



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Ambientación sonora e musical	Código		616G01028
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Piñeiro Otero, María Teresa	Correo electrónico	teresa.pineiro@udc.es	
Profesorado	Piñeiro Otero, María Teresa	Correo electrónico	teresa.pineiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Ambientación Sonora y Musical constitúe unha materia de interese para a formación d@s futur@s titulad@s en Comunicación Audiovisual debido á relevancia que adquire o son tanto no audiovisual convencional como no eido dixital e multimedia. Esta materia pretende dotar ao alumnado dos coñecementos precisos para analizar os compoñentes do son e as súas posibilidades expresivas; para manexar os códigos sonoros e da música no audiovisual e -máis concretamente- nos diversos xéneros e formatos, así como para abordar o deseño sonoro dunha peza audiovisual.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comunicar mensaxes audiovisuais	A1 A2 A3 A7 A8 A12	B2	C3 C4
Crear produtos sonoros	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12	B8	C1
Investigar e analizar o componente sonoro da comunicación audiovisual	A1 A4 A11	B6 B7	
Coñecer os principais códigos sonoros da mensaxe audiovisual	A12		



Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.	A11	B3 B4 B5 B8 B9	C2
Traballar de forma colaborativa.		B2 B4 B9	C2
Mellorar a capacidade de análise no que se refire aos diferentes compoñentes da linguaxe sonora	A7 A11 A12	B8	C2
Mellorar a expresión oral.		B6 B7	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión.	A2 A3 A8		C2
Diseñar los espacios y elementos de decorado de un videojuego tanto desde una perspectiva visual como sonora			

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O son na narración audiovisual.	I. Introducción ao son audiovisual 1.1. Introducción 1.2. A ilusión do son audiovisual II. Escenario acústico 1.3. Paisaxe sonoro 1.4. Espazo sonoro III. O son na industria audiovisual 1.5. O son no cine. Orixe e primeiros hitos 1.6. Os profesionais do son no audiovisual
2. A dimensión sonora nas combinacións audiovisuais	2.1. A audiovisión 2.2. O sistema de sons 2.3. Focalización e procesado dos sons 2.4. As combinacións audiovisuais 2.5. Clasificación de sons no relato audiovisual
3. A música	3.1. Conceptos musicais básicos e a súa relación con convencións audiovisuais 3.2. Breve aproximación histórica á música no cine 3.3. A música audiovisual 3.4. Componentes estruturais e expresivos 3.5. Tipoloxías de música 3.6. Valor engadido pola música 3.7. Funcións da música audiovisual
4. Os efectos de son	4.1. Ruídos e espazo audible. A construción artificial da realidade 4.2. Tipoloxía de efectos de son 4.3. Cuestións de montaxe, edición e mezcla 4.4. Funcións



5. A voz	5.1. Introducción 5.2. Vococentrismo e verbocentrismo 5.3. Tipoloxías de voz 5.4. O acusmase 5.5. A dobrez
6. O silencio.	6.1. O silencio dentro do continuum sonoro 6.2. Tipoloxías de silencio 6.3. Funcións 6.4. Silencio e kinésica

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A1 A2 A8 A9 A10 A12 C2	14	28	42
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	2	16	18
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A7 A10 A12 B2 C1 C2 C3 C4	4	24	28
Presentación oral	A7 A12 B2 B4 B6 C2	2	4	6
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A9 A11 A12 B7 B9	24	24	48
Atención personalizada		8	0	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Desenvolvemento de diferentes actividades de carácter práctico (en grupo) cuxo obxecto é por en xogo todos aqueles coñecementos que, sobre a ambientación sonora e musical, foron tratados durante as clases expositivas. A entrega de ditas prácticas efectuarase no tempo e na forma fixados pola profesora.
Investigación (Proxecto de investigación)	Investigación realizada de forma individual cuxo tema, relacionado cos contidos da materia, será proposto pola profesora. Dita investigación entregarase en formato audio (locución e fragmentos sonoros) en soporte CD. A presenza dun fragmento, superior a unha frase, copiado supón a anulación do traballo de investigación e -polo tanto- un cero.
Traballos tutelados	Creación dun relato (grupo) únicamente a partir de recursos sonoros (Traballo A) Deseño sonoro en grupo dun fragmento audiovisual (Traballo B ou Proxecto Final)
Presentación oral	Presentación do deseño sonoro dun fragmento audiovisual (Traballo B ou Proxecto Final). Na presentación explicárase o emprego do son -ou a ausencia deste- ademais de responder a preguntas respecto ás decisións tomadas no plano estético. Complementariamente os estudantes desenvolverán una rúbrica de avaliación do seu proxecto así como do desenvolvido por outros grupos.
Sesión maxistral	Clase expositiva ilustrada con exemplos de carácter sonoro e/ou audiovisual. Nas sesións maxistrais realízanse actividades dirixidas a facilitar a comprensión da materia así como discusións dirixidas, que esixan ao estudantado amosar a adquisición de conceptos e coñecementos sobre a materia. Naqueles casos en que ditas actividades se establecesen como traballo autónomo fóra da aula, empregáranse fórmulas de seguimento para determinar o grao de cumprimento da tarefa. Nestes casos as sesións maxistrais poderíanse destinar á posta en común das tarefas ou a súa corrección colaborativa.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Sesión maxistral Investigación (Proxecto de investigación) Obradoiro Traballos tutelados	O desenvolvemento de cada unha destas actividades contará con atención personalizada tanto na aula como fóra dela, co obxecto de apoiar ou reconducir a planificación ou execución de cada un destes traballos e solventar as dúbidas oportunas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A7 A12 B2 B4 B6 C2	Presentación oral do "Proxecto final". Nesta presentación cada grupo deberá explicar o seu deseño sonoro, especialmente no que respecta ás decisións narrativas e estéticas, e responder ás preguntas dos/as compañeiros/as. Cada un dos proxectos finais será avaliado polos estudantes a partir dunha rúbrica de avaliación proposta pola profesora. Para a avaliación da presentación oral débense cumprir os seguintes requirimentos: (1) asistir e participar na presentación (propia e na dos restantes grupos), (2) entregar a rúbrica de avaliación cumprimentada e (3) ter entregado o "Proxecto final" (traballo tutelado B) en tempo e forma.	10
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A9 A11 A12 B7 B9	No marco das sesións maxistrais, ou relacionadas con éstas, desenvolveranse actividades e exercicios prácticos, así como discusións dirixidas, orientados á consolidación dos contidos teóricos. Estas prácticas teñen un valor global de 2 puntos (variando en función do número de prácticas entregadas e a calidade das mesmas). Só se admitirán prácticas entregadas en tempo e forma. Práctica que non cumpra eses requirimentos quedará anulada cunha valoración de 0 puntos. Para sumar a avaliación destas actividades á nota final do curso o/a estudante ten que ter asistido ao 80% das horas prácticas da asignatura (grupo mediano).	20
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	O traballo de análise-investigación, sobre un tema proposto pola profesora, será realizado de forma individual e entregado en formato audio (vía Moodle). Ten unha valoración máxima de 2 puntos. No caso de que se detecte que parte/totalidade do devandito traballo está copiado (até un máximo dunha frase ou corte de audio en todo o arquivo) este quedará anulado cunha valoración de 0 puntos. Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requirimentos quedarán anulados cunha valoración de 0 puntos. Para a avaliación do proxecto de investigación o/a estudante ten que ter asistido ao 80% das horas prácticas da materia (grupo mediano).	20



Obradoiro	A1 A2 A8 A9 A10 A12 C2	As prácticas grupais teñen unha valoración total de 1 punto (variando en función do número de prácticas entregadas e calidade das mesmas). Só se admitirán prácticas entregadas en tempo e forma. Práctica que non cumpra eses requirimentos quedará anulada cunha valoración de 0 puntos. Para a avaliación das prácticas de obradoiro o/a estudante ten que ter asistido ao 80% das horas prácticas da materia (grupo mediano). Asemade, para a avaliación de cada práctica entregada cómpre ter asistido á sesión presencial correspondente.	10
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A7 A10 A12 B2 C1 C2 C3 C4	De realización grupal e entrega en soporte CD (salvo outra indicación da profesora). Conta cunha valoración máxima de 4 puntos (1,5+2,5) distribuídos da seguinte maneira: · até 1,5 punto pola construción dun relato exclusivamente con sons (traballo A) · até 2,5 puntos polo deseño sonoro e dobraxe dun fragmento audiovisual proposto pola profesora (traballo B ou "Proxecto final"). Parte desta nota (até 0,5 puntos) virá determinada polas rúbricas de avaliación propia e dos/as compañeiros/as. Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requirimentos obterán una valoración de 0 puntos. Para a avaliación dos traballos tutelados o/a estudante ten que ter asistido ao 80% das horas prácticas da materia (grupo mediano).	40

Observacións avaliación

Coa proposta de cada traballo e/ou actividade a profesora explicará polo miúdo o contido, as normas estéticas e formais, así como o tipo de soporte e data de entrega.

Para superar a materia na CONVOCATORIA DE XUÑO (sistema de avaliación continua) o/a estudante deberá:

- Asistir como mínimo ao 80% das horas prácticas da materia (permitirase un máximo de tres faltas xustificadas ou non xustificadas). Entenderase como asistencia a presencialidade durante o 80% do tempo programado para cada sesión, salvo circunstancias imponderables debidamente xustificadas. Dentro desta salvidade non se inclúe o feito de estar a cursar outra materia: na selección do grupo de prácticas o/a estudante debe ter en conta as posibles colisións con horarios doutras materias e cursos.

- Obter un mínimo de 5 puntos (o 50% da puntuación global) na suma total das avaliacións dos diversos traballos e prácticas da materia. Neste cómputo non se inclúen os exercicios non orixinais do/a estudante así como tampouco aqueles traballos entregados fóra de prazo ou nun formato diferente ao indicado.

Dado o obxecto da materia, todo traballo que careza de son nunha parte ou na súa totalidade será anulado e -por tanto- contará cun 0 na súa avaliación.

Para superar a materia na CONVOCATORIA DE XULLO o/a estudante deberá aprobar o exame na data oficial (cun mínimo de 5 puntos). Esta proba teórica, de preguntas breves, versará sobre os contidos do libro de Chion, M.(1993). "LA AUDIOVISION: INTRODUCCION A UN ANÁLISIS CONJUNTO DE LA IMAGEN Y EL SONIDO" Barcelona: Paidós Ibérica.

Este exame constituirá o 100% da nota final.

Asemade aqueles/as estudantes que na avaliación continua teñan superado número de faltas permitido, ou que na nota final de xuño queden por debaixo do umbral do 5 (o 50% da puntuación global), deberán presentarse e aprobar a proba teórica na convocatoria oficial de xullo. En calquera caso dito exame constituirá o 100% da nota final na convocatoria de xullo.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Chion, Michel (1993). La audiovisión. Introducción a un análisis conjunto de la imagen y el sonido. Barcelona: Paidós - Beltrán Moner, Rafael (2006). La ambientación musical selección, montaje y sonorización. Madrid: Instituto Oficial de Radio y Televisión - Chion, Michel (1985). La música en el cine. Barcelona: Paidós - Gustems, Josep (coord.) (2013). Música y sonido en los audiovisuales. Comunicación Activa: Universitat de Barcelona - Rodríguez Bravo, Ángel (1998). La dimensión sonora del lenguaje audiovisual. Barcelona: Paidós - Labrada, Jerónimo (2009). El sentido del sonido: la expresión sonora en el medio audiovisual. Barcelona: Alba - Baca, Jesús Ángel (2005). La comunicación sonora. Singularidad y caracterización de los procesos auditivos.. Madrid: Biblioteca Nueva - Weis, Elithabeth y Belton, John (1985). The Theory and Practice of Film Sound. Nueva York: Columbia University Press Ademais destas fontes de referencia a través de Moodle facilitaranse artigos e outro tipo de recursos que faciliten a comprensión da materia, traten en concreto algún exemplo ilustrativo ou permitan afondar nalgún tema de interese.
Bibliografía complementaria	- Fraile Prieto, Teresa (2010). Música de cine en España: señas de identidad en la banda sonora contemporánea. Badajoz: Diputación - Guijarro, T. y Muela, C. (2003). La música, la voz, los efectos y el silencio en la publicidad : la creatividad en la producción de sonido. Madrid: CIE - Altmant, Rick (2004). Silent film sound. Nueva York: Columbia University Press

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Audio/616G01016

Teoría e práctica da edición e a montaxe/616G01023

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías